



CONCELLO DE VIANA DO BOLO

Con motivo da celebración o 8 de marzo do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, o Concello de Viana do Bolo, a través do seu Centro de Información á Muller (CIM), ten previsto realizar unha serie de actos e actividades de promoción da igualdade entre a veciñanza vianesa.

Os actos darán comezo o luns 9 de marzo coa proxección dun filme por parte do Cine- Clube A Lanterna que, como ven sendo habitual nos últimos anos, participa na programación desta data tan sinalada.

O domingo 15 de marzo terá lugar a representación teatral “TABÚ”. Esta obra nace froito das conversas recollidas con mulleres galegas de entre 70 e 95 anos sobre a súa vida íntima de xuventude. Un show de narración oral coa misión de transmitir as historias de confusión, segredismo, amor e picaresca das mulleres que son cemento da nosa terra, as que poden explicar o que somos agora nós: fillas do Tabú.

O 24 de marzo terá lugar a segunda Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero , que contará coa presenza de tódolos organismos locais implicados na prevención e loita contra a violencia. Representantes políticos, da garda civil, servizos sociais, centros de ensino, centro de saúde, CIM, etc. reuniranse nesta xornada para coordinar os seus traballos e avaliar os esforzos que se están a facer para rematar coa violencia machista.

O venres 27 de marzo terá lugar a proxección do documental “TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO” da galega Xiana do Teixeiro. Trátase dun documental gañador de numerosos premios a nivel nacional e internacional que retrata as vivencias de mulleres moi diversas que evidencian o masculinizada e violenta que segue a ser a rúa hoxe en día. En tres conversas reveladoras con amigas, colaboradoras e estudantes de secundaria, a directora busca artellar un discurso sobre o medo que non fomente o medo, un discurso sobre a violencia que non resulte violento.

A proxección contará coa presenza da directora quen conversará e debatirá co alumnado do IES Carlos Casares asistente ao visionado deste interesante documental.

O sábado 28 de marzo a festa e a animación están aseguradas co concerto do grupo feminino The Tetas´ Van”, quen traerá ata Viana do Bolo o seu amplo repertorio de versión coas que buscan divertir transmitindo, reivindicando e loitando contra as inxustizas “que nos tocan a todas”, a través da lingua galega.

O domingo 29 terá lugar a actividade “Contando Viana en Feminino”, un interesante roteiro polas rúas de Viana do Bolo no que narraremos a importante contribución que as mulleres fixeron a historia da nosa vila e comarca.

A xornada rematará coa presentación do libro “Femenino Plural”, na que contaremos cunha das autoras do mesmo, a vianesa Manoli Vicente, quen nos falará do libro, da súa faceta como escritora e da súa participación en outras obras literarias entre outras cousas.